

**INFORME CLIMATOLÓXICO  
MES DE XUÑO DE 2020**



## ÍNDICE

1	INTRODUCCIÓN.....	3
2	DESCRIPCIÓN SINÓPTICA DO MES.....	4
3	ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA.....	5
4	RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA. ....	7
5	TEMPERATURA.....	11
5.1.	Temperatura media das máximas.....	11
5.2.	Temperatura media das mínimas. ....	12
5.3.	Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1981-2010.....	13
5.4.	Evolución da temperatura media no período 1961-2020.....	17
6	PRECIPITACIÓN .....	18
6.1.	Precipitación acumulada mensual xuño 2020.....	18
6.2.	Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal. ....	19
6.3.	Días de chuvia en xuño de 2020 .....	20
6.4.	Evolución da precipitación en xuño de 2020.....	22
7	VENTO .....	23
8	RADIACIÓN SOLAR .....	27
8.1.	Mapa de irradiación solar mensual.....	27
8.2.	Anomalía de insolación con respecto ó valor normal .....	28
9	RAIOS.....	29

**Anexo: Resumo mensual**

**Data edición: 08/07/2020**



**Mes moderadamente frío, debido ás máximas e con precipitacións dentro do normal.**

## 1 INTRODUCCIÓN

Neste informe considérase o período climático de referencia **1981-2010**. Así, as anomalías calculadas nas táboas, mapas e gráficos, e percentiles calcúlanse con respecto a este período de referencia.

Para caracterizar o mes en función da temperatura considéranse os seguintes criterios:

Percentil	Categoría
≤ mínimo en 1981-2010	Extremadamente frío
Entre 5% e 20%	Moi frío
Entre 20% e 40%	Frío
Entre 40% e 60%	Normal
Entre 60% e 80%	Cálido
Entre 80% e 95%	Moi cálido
≥ máximo en 1981-2010	Extremadamente cálido.

Táboa 0.1. Cualificación do mes en función da temperatura.

Para caracterizar o mes en función da precipitación considéranse os seguintes criterios:

Percentil	Categoría
≤ mínimo en 1981-2010	Extremadamente seco
Entre 5% e 20%	Moi seco
Entre 20% e 40%	Seco
Entre 40% e 60%	Normal
Entre 60% e 80%	Húmido
Entre 80% e 95%	Moi Húmido
≥ máximo en 1981-2010	Extremadamente Húmido.

Táboa 0.2. Cualificación do mes en función da precipitación.



## 2 DESCRICIÓN SINÓPTICA DO MES

O mes de xuño oscilou entre dous períodos cálidos e tormentosos ao principio e final, mentres que a parte central estivo dominada pola presenza das baixas presións atlánticas que achegaron aire máis frío do normal nesta época do ano.

Así, o primeiro día do mes respondeu exactamente ao patrón de calor e treboadas. De feito estas comezaron xa de madrugada e repetíronse novamente pola tarde, cando as temperaturas superaron aos 30°C en moitos puntos do interior.

O día 2 foi moi semellante, con elevadas temperaturas e chuvascos convectivos durante a tarde, pero xa o día 3 foi de transición, con aire algo máis fresco entrando no litoral, persistindo a sensación de bochorno no interior. Unha sensación que xa desapareceu completamente o día 4.

Entre esa xornada do 4 e a do 7 quedamos en situacións intermedias, con ventos de compoñente norte e polo tanto situacións con máis claros no sur e máis nubes e algunha chuvia feble no norte. En xeral as temperaturas foron escasas ao longo dese período. E así continuaron nos seguintes días, aínda que con máis horas de sol, xa que as altas presións estiveron algo máis preto de Galicia.

Na xornada do 11 un centro de baixas presións achegouse moito ao litoral cantábrico, polo que a pesar de non ser moi profundo, ocasionou un empeoramento importante na situación, que se mantivo tamén o día 12, mesmo con ventos fortes e aviso amarelo no litoral.

Entre os días 13 e 17 a situación foi algo máis intermedia, pero os ventos do suroeste continuaron achegando aire fresco e húmido, polo que en xeral nese período as temperaturas estiveron bastante por debaixo das expectativas na época do ano. Houbo nubes e algunhas chuvias febles, máis frecuentes na metade oeste.

Entre os días 18 e 20 as altas presións conseguiron moverse para ao norte, afastando as borrascas de Galicia, aínda que as temperaturas seguiron a ser baixas en xeral.

No primeiro día do verán astronómico, o día 21, a chegada dunha fronte pouco activa deixou unha xornada de nubes bastante abundantes e algunhas chuvias febles no noroeste.



Foi un empeoramento transitorio na situación xa que as altas presións movéronse rápido cara ao norte e os días 22 e 23 tivemos estabilidade e ceo despexado. Ademais, o anticiclón achegou aire cálido desde o sur, polo que o ascenso das temperaturas foi moi rápido, facendo que o día 23 se superasen de xeito bastante xeneralizado os 30°C e mesmo os 35°C en puntos do interior.

Esta situación continuou o 24, pero con dúas peculiaridades, xa que no litoral entraron néboas e no interior tivemos nubes de evolución e algunhas tormentas.

O 25 foi un día de transición, co achegamento de baixas presións desde o Atlántico, aínda que o día foi seco e con temperaturas normais para a época do ano.

Entre o 26 e o 28 Galicia quedo na influencia de tres fronteas sucesivas, pouco activas, pero suficientes para deixar os ceos anubrados, algunhas chuvias febles de novo no oeste e temperaturas baixas para a época do ano.

O mes rematou con dúas xornadas anticiclónicas, os días 29 e 30, con predominio de sol e temperaturas elevadas no sur.

### **3 ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA**

Tanto no mapa de anomalías de presión en superficie (Figura 1), como en altura (Figura 2), pode observarse que este mes de xuño a nosa Comunidade estivo baixo a predominancia das baixas presións. Unha forte anomalía negativa situada ao sur de Reino Unido expandiuse cara o centro de Europa, mentres que as anomalías positivas dominaron a parte norte do continente, sobre todo en altura. Deste xeito, Galicia quedou baixo a influencia das baixas presións, permitindo a chegada de algunha fronte atlántica durante o mes, aínda que non moi profunda, dando como resultado temperaturas algo máis frías do habitual este mes na nosa Comunidade.

### Anomalías da presión atmosférica a nivel medio do mar.




Figura 1: Anomalías de presión en superficie. Xuño-2020.

### Anomalías do xeopotencial para a presión de 500 hPa.




Figura 2: Anomalías de xeopotencial en 500hPa. Xuño-2020.



#### 4 RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA.

Compáranse os valores rexistrados no mes en curso nas estacións da rede meteorolóxica de MeteoGalicia (A Coruña-Torre de Hércules (CTH), Santiago-EOAS, Campus Lugo, Lourizán e Ourense) cos valores climáticos, no período 1981-2010, para ese mes, obtidos a partir da serie histórica máis próxima (A Coruña-Estación Completa (CEC) / Santiago-Astronómico / Lugo-Fingoi / Ourense-granxa, estacións da AEMET e Lourizán, de MeteoGalicia).

Debido á localización das estacións meteorolóxicas da cidade de A Coruña, CTH (costeira) e CEC (urbana), o comportamento en canto á temperatura difire en determinadas situacións meteorolóxicas, polo que na táboa de A Coruña inclúense os datos de ambas estacións e se compara a estación CEC contra si mesma no período de referencia climático 1981-2010.

O valor climático corresponde á media destes 30 anos para o mes considerado. Móstranse tamén os valores extremos da serie e o ano no que se acadaron. No caso das temperaturas máximas (mínimas) absolutas, móstrase o valor máximo (mínimo) da serie histórica mensual e a data na que se acadou. As temperaturas danse en °C e as precipitacións en mm (ou L/m<sup>2</sup>). O número de días de chuvia corresponde á suma dos días nos que a precipitación rexistrada é igual ou xuño a 1 mm.

**A CORUÑA**

	XUÑO 2020 CTH/CEC	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	17.7/17.6	17.4	19.1 (2005)	14.2 (1972)
Tª mínima media	15/15	14.3	15.7 (2004)	11.5 (1946)
Tª mínima absoluta	12.3/12.4 (día 18)	4.2 (07/06/1936)		
Tª mínima máis alta	17.2/17.5 (día 27)	20.2 (16/06/2000)		
Tª máxima media	20.4/20.3	20.5	22.7 (2005)	16.6 (1972)
Tª máxima absoluta	22.9/23.9 (día 20)	34.8 (03/06/1980)		
Tª máxima máis baixa	17.1/17.1 (día 7)	13.0 (10/06/1966)		
Precipitación acumulada	41	25-45	142 (1935)	1 (1962)
Días de chuvia (≥1mm)	9	7	18 (1935)	1 (1962)

*Comentario: Temperaturas medias lixeiramente cálidas, debido maioritariamente á influencia das mínimas que foron cálidas, mentres que as máximas quedaron dentro do rango normal.*

*En canto á precipitación, pode considerarse un mes de xuño normal, cun número de días de chuvia por enriba da media.*

\* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1931-2020 Temperatura: 1948-2020.

**SANTIAGO**

	XUÑO 2020	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	16.7	17.6	20.1 (2005)	15.5 (1992)
Tª mínima media	12.3	12.6	14.2 (2004)	11.2 (1992)
Tª mínima absoluta	8.5 (día 18)	4.8 (05/06/1984)		
Tª mínima máis alta	16.0 (día 23)	22.9 (27/06/2012)		
Tª máxima media	21.1	22.2	26.0 (2005)	19.8 (1992)
Tª máxima absoluta	32.7 (día 23)	36.9 (25/06/2011)		
Tª máxima máis baixa	15.2 (día 11)	11.3 (02/06/1984)		
Precipitación acumulada	50	37-57	143 (2009)	7 (2011)
Días de chuvia (≥1mm)	9	7	20 (1997)	1 (1996)

*Comentario: Mes con temperaturas medias e máximas frías. As mínimas foron normais para un mes de xuño.*

*En canto á chuvia o mes resultou normal, cun número de días de chuvia algo superior ao habitual.*

\* Valores climáticos 1982-2010. Precipitación:1982-2020. Temperatura: 1982-2020.





## LUGO

	XUÑO 2020	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	17.0	16.8	19.5 (2004)	14.9 (1992)
Tª mínima media	10.6	11.0	12.9 (2005)	8.8 (1991)
Tª mínima absoluta	5.6 (día 5)	2.8 (11/06/2001)		
Tª mínima máis alta	15.7 (día 2)	17.5 (06/06/2004)		
Tª máxima media	23.3	22.6	26.3 (2004)	19.3 (1992)
Tª máxima absoluta	<b>36.4 (día 23)</b>	36.1 (26/06/2011)		
Tª máxima máis baixa	16.5 (día 11)	11.0 (02/06/1984)		
Precipitación acumulada	21	22-40	169 (2010)	3 (2011)
Días de chuvia (≥1mm)	5	6	16 (1982)	1 (2011)

*Comentario: Mes con temperatura mínimas normais e medias lixeiramente cálidas. As máximas quedaron cálidas, superándose a máxima absoluta da serie neste mes.*

*A chuvia e o número de días foron lixeiramente inferiores ao agardado, quedando o mes como lixeiramente seco.*

\* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1981-2020. Temperatura: 1981-2020.

## PONTEVEDRA (LOURIZÁN)

	XUÑO 2020	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	18.1	18.6	21.1 (2004)	15.4 (1972)
Tª mínima media	13.5	13.0	15.3 (2004)	10.2 (1972)
Tª mínima absoluta	8.9 (día 8)	4.6 (05/06/1984)		
Tª mínima máis alta	16.7 (día 30)	19.5 (14/06/2003)		
Tª máxima media	22.7	24.1	27.2 (1976)	20.4 (1977)
Tª máxima absoluta	30.3 (día 30)	39.6 (19/06/2003)		
Tª máxima máis baixa	17.1 (día 12)	14.0 (04/06/1963)		
Precipitación acumulada	34	39-61	229 (1974)	1 (1962)
Días de chuvia (≥1mm)	7	7	15 (2012)	0 (1962)

*Comentario: Mes cálido tendo en conta a temperatura mínima e moi frío en canto ás máximas. Isto fai que se poida considerar como lixeiramente frío para a temperatura media.*

*En canto á precipitación resultou un mes seco, pese a que números de días de choiva foi o normal.*

\* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1958-2020. Temperatura: 1958-2020.

**OURENSE**

	XUÑO 2020	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	19.8	20.2	23.8 (2004)	16.4 (1977)
Tª mínima media	12.8	12.9	15.6 (2004)	10.4 (1977)
Tª mínima absoluta	7.1 (día 9)	2.4 (03/06/1975)		
Tª mínima máis alta	18.0 (día 25)	22.1 (27/06/2012)		
Tª máxima media	26.9	27.5	32.0 (2004)	22.4 (1977)
Tª máxima absoluta	38.7 (día 23)	40.9 (26/06/2011)		
Tª máxima máis baixa	17.7 (día 12)	12.6 (03/06/1984)		
Precipitación acumulada	8	25-31	127 (1988)	0 (2011)
Días de chuvia (≥1mm)	2	5	14 (1988)	0 (2011)

*Comentario: Mes frío tendo en conta as máximas e normal para as mínimas. A temperatura media resultou lixeiramente fría para a época do ano.*

*En canto á precipitación, resultou un mes moi seco, con tan só dous días de chuvia en todo o mes.*


*\* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación: 1973-2020. Temperatura: 1972-2020.*



## 5 TEMPERATURA

A media das temperaturas, tanto mínimas como máximas, estiveron preto da normalidade, aínda que cunha certa tendencia a quedar por debaixo, xa que os períodos frescos que predominaron entre os días 4 e 21 do mes non puideron ser compensados cos períodos de calor de principio e finais do mesmo.

### 5.1. Temperatura media das máximas.



Tmáx - 06/2020

[www.meteogalicia.es](http://www.meteogalicia.es)

**Figura 3:** Mapa de temperatura media das máximas do mes de xuño de 2020


O valor medio das temperaturas máximas no mes de xuño para Galicia, a partir dos valores do mapa, foi de 20.9 °C. Os valores máis baixos rexistráronse en Cabeza de Manzaneda e comarca de Valdeorras, con valores próximos aos 13 °C. Os valores máis altos situáronse



principalmente na cidade de Ourense e arredores, onde o valor medio de temperatura máxima achegouse aos 27 °C.

## 5.2. Temperatura media das mínimas.

O valor medio das temperaturas mínimas no mes de xuño para o territorio galego foi de 10.6°C, sendo os valores máis baixos os rexistrados na comarca da Limia e macizo de Manzaneda onde se acadaron valores próximos aos 5 °C. Os valores máis altos, en torno aos 14°C ou 15°C, sitúanse en zonas do litoral galego.




**Figura 4:** Mapa de temperatura media das mínimas do mes de xuño de 2020.



### 5.3. Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1981-2010.

Neste mes de xuño, pódese observar (Figura 5) que a anomalía da temperatura media no conxunto de Galicia, tendo en conta a media dos valores do mapa, foi de  $-0.49\text{ }^{\circ}\text{C}$ . As anomalías positivas máis altas rexistráronse no litoral Norte, entorno a  $+0.5\text{ }^{\circ}\text{C}$ . As anomalías máis baixas rexistráronse maioritariamente na provincia de Ourense, con valores por debaixo de  $-1.6\text{ }^{\circ}\text{C}$ .



**Figura 5:** Mapa de anomalía de temperatura media ( $^{\circ}\text{C}$ ) de xuño de 2020 respecto ao período 1981-2010.



A continuación móstranse as anomalías máis altas e máis baixas destacables nos concellos da nosa Comunidade, con respecto ao período climático 1981-2010. As anomalías máis altas (Táboa 1) rexistráronse en zonas do litoral Norte da Comunidade, tanto da provincia de A Coruña como de Lugo. As anomalías máis baixas de temperatura (Táboa 2), concentráronse maioritariamente na provincia de Ourense, con valores de máis de 1.5 °C por debaixo do normal.

Anomalías <u>máis altas</u> de temperatura media con respecto ao período 1981-2010		
Concello	Provincia	Anomalía (°C)
Burela	Lugo	0,6
Cariño	A Coruña	0,6
Carballo	A Coruña	0,6
Xove	Lugo	0,5
Cedeira	A Coruña	0,5
Ortigueira	A Coruña	0,5
Vicedo (O)	Lugo	0,5
Cervo	Lugo	0,5
Verín	Ourense	0,4
Viveiro	Lugo	0,4

**Táboa 1:** Anomalías máis elevadas no mes de xuño de 2020.

Anomalías <u>máis baixas</u> de temperatura media con respecto ao período 1981-2010		
Concello	Provincia	Anomalía (°C)
Rubiá	Ourense	-1,8
Entrimo	Ourense	-1,8
Carballeda de Valdeorras	Ourense	-1,7
Lobios	Ourense	-1,7
Veiga (A)	Ourense	-1,6
Barco de Valdeorras (O)	Ourense	-1,6
Lobeira	Ourense	-1,5
Vilamartín de Valdeorras	Ourense	-1,5
Muñíos	Ourense	-1,4
Carnota	A Coruña	-1,3

**Táboa 2:** Anomalías máis baixas no mes de xuño de 2020.



Nas táboas 3 e 4 móstranse as temperaturas máximas máis altas rexistradas en Galicia no mes de xuño de 2020 para estacións situadas por debaixo e por enriba dos 1000 metros de altitude respectivamente. O días máis caloroso de todo o mes foi o día 23, cando se chegaron a superar os 38 °C en estacións por debaixo dos 1000 metros de Lugo e Ourense e incluso os 30 °C nas de maior altitude.

Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de xuño de 2020				
por debaixo dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
23/06/2020	EVEGA Leiro	LEIRO	Ourense	39,0
23/06/2020	Ourense	OURENSE	Ourense	38,7
23/06/2020	San Clodio	RIBAS DE SIL	Lugo	38,1
23/06/2020	Remuíño	A ARNOIA	Ourense	38,0
23/06/2020	Monforte-CFEA	MONFORTE DE LEMOS	Lugo	37,9
23/06/2020	Ourense-Estacións	OURENSE	Ourense	37,6
23/06/2020	A Portela	VILAMARTÍN DE VALDEORRAS	Ourense	37,5
23/06/2020	Monforte	MONFORTE DE LEMOS	Lugo	37,2
23/06/2020	Prado	CASTRELO DE MIÑO	Ourense	36,8
23/06/2020	Morelle	SARRIA	Lugo	36,5

**Táboa 3:** Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de xuño de 2020 a altitude menor de 1000 m.

Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de xuño de 2020				
por enriba dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
23/06/2020	O Invernadeiro	VILARIÑO DE CONSO	Ourense	31,3
23/06/2020	A Mezquita	A MEZQUITA	Ourense	30,9
23/06/2020	San Xoán de Río	SAN XOÁN DE RÍO	Ourense	30,9
23/06/2020	O Cebreiro	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	30,5
23/06/2020	Corzos	A VEIGA	Ourense	29,8
23/06/2020	Xurés	MUÍÑOS	Ourense	29,1
23/06/2020	Serra do Eixe	A VEIGA	Ourense	29,1
23/06/2020	Ancares	CERVANTES	Lugo	27,9
23/06/2020	Alto do Poio	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	27,6
23/06/2020	Casaio	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	27,4

**Táboa 4:** Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de xuño de 2020 a altitude maior de 1000 m.



Nas táboas 5 e 6 móstranse as temperaturas mínimas máis baixas rexistradas na Comunidade Galega no mes de xuño de 2020 para estacións situadas por enriba e por debaixo dos 1000 metros de altitude, respectivamente. As temperaturas mínimas foron bastante baixas para a época do ano, rexistrándose valores por debaixo de 1 °C en varias estacións de Ourense. Destacan o día 8 en altitudes altas e o día 9 en altitudes máis baixas.

Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de xuño de 2020				
por enriba dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
08/06/2020	Xares	A VEIGA	Ourense	-0,7
08/06/2020	O Cebreiro	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	0,4
08/06/2020	Lardeira	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	0,4
12/06/2020	Cabeza de Manzaneda	MANZANEDA	Ourense	0,4
08/06/2020	Corzos	A VEIGA	Ourense	1,0
05/06/2020	O Invernadeiro	VILARIÑO DE CONSO	Ourense	1,4
08/06/2020	Ancares	CERVANTES	Lugo	1,4
08/06/2020	Alto do Poio	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	1,4
08/06/2020	Casaio	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	1,5
09/06/2020	Serra do Eixe	A VEIGA	Ourense	2,5

**Táboa 5:** Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de xuño de 2020 altitude superior a 1000m.

Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de xuño de 2020				
por debaixo dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
09/06/2020	Calvos	CALVOS DE RANDÍN	Ourense	-1,6
09/06/2020	Mouriscade	LALÍN	Pontevedra	0,9
09/06/2020	Baltar	BALTAR	Ourense	1,0
09/06/2020	Xinzo	XINZO DE LIMIA	Ourense	1,9
10/06/2020	Sambreixo	GUITIRIZ	Lugo	2,2
08/06/2020	Morelle	SARRIA	Lugo	2,3
05/06/2020	Vilarmaior	RODEIRO	Pontevedra	2,4
08/06/2020	Monforte-CFEA	MONFORTE DE LEMOS	Lugo	2,5
09/06/2020	Verín-Vilela	VERÍN	Ourense	2,9
09/06/2020	Melide	MELIDE	A Coruña	3,0

**Táboa 6:** Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de xuño de 2020 altitude inferior a 1000m.



#### 5.4. Evolución da temperatura media no período 1961-2019.

Na figura 6 pode verse a evolución da temperatura media das once estacións que compoñen a serie rexional. O valor medio en 2020 para esta serie foi 17.2 °C.




Figura 6: Temperatura media ó longo do período 1961-2020 para xuño.

A anomalía media da temperatura para este mes de xuño en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en once estacións meteorolóxicas representativas, foi de -0.51 °C, o que fai que o mes poida considerarse no conxunto de Galicia como moderadamente frío. Se ben as mínimas estiveron dentro do rango normal, as máximas foron frías, cunha anomalía de -1.11 °C.





Figura 7: Evolución da anomalía de temperatura media en xuño, respecto ao período 1981-2010.

## 6 PRECIPITACIÓN

As chuvias estiveron preto da normalidade no oeste, xa que a chegada de varias fronteas durante o mes, aínda que non moi activas, foi suficiente para acumular precipitacións que se poden considerar normais en xuño. No interior a caracterización do mes depende máis das tormentas, polo que temos zonas secas e outras máis húmidas.

O valor medio no conxunto de Galicia neste mes de xuño, a partir dos valores do mapa, foi de 51.7 L/m<sup>2</sup>. Os maiores rexistros acadáronse nas zonas de montaña do Leste de Lugo e Norte de A Coruña, así como en Monte Xesteiras, con valores por riba dos 100 L/m<sup>2</sup>. Os valores máis baixos de precipitación déronse no sur de Ourense, por debaixo dos 10 L/m<sup>2</sup>.

### 6.1. Precipitación acumulada mensual xuño 2020




Chuvia/lluvia - 06/2020

[www.meteogalicia.es](http://www.meteogalicia.es)

**Figura 8:** Mapa de precipitación acumulada no mes de xuño de 2020.

## 6.2. Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal.

No mapa da figura 9 pódese ver a porcentaxe de precipitación no mes de xuño con respecto aos valores climáticos, sendo o 100% o valor normal. O valor medio para o conxunto do territorio galego foi un 13 % inferior ao período de referencia 1981-2010. Os valores máis altos acadáronse principalmente na comarca de Valdeorras, por mor das treboadas. Os máis baixos no sur da provincia de Ourense, pola comarca de Verín, onde a penas choveu este mes de xuño.



**Figura 9:** Porcentaxe da precipitación acumulada con respecto aos valores normais do período 1981-2010 do mes de xuño de 2020.

### 6.3. Días de chuvia en xuño de 2020

O número medio de días de chuvia maior ou igual a  $1 \text{ L/m}^2$ , foi de 7.3. Os valores máis altos de número de días de chuvia déronse en zonas montañosas do este de Lugo, polos Ancares, e do norte de A Coruña, con valores en torno aos 13 días. As rexións que tiveron menos días de chuvia foron as do sur de Ourense, nas proximidades de Verín, con menos de 2 días de chuvia en todo o mes de xuño.




Figura 10: Días de chuvia superior a  $1 \text{ L/m}^2$  durante o mes de xuño de 2020.



A táboa 7 mostra as cantidades máximas de precipitación mensual medidas na rede de estacións meteorolóxicas de Meteogalicia durante o mes de xuño. Pódese observar que se superaron os 100 L/m<sup>2</sup> en zonas altas das catro provincias. Destaca o día 11 do mes, cando un centro de baixas presións se achegou ao litoral cantábrico deixando as cantidades de precipitación máis elevadas en rexións de Lugo e Ourense (Táboa 8).

Precipitacións acumuladas máximas en xuño de 2020			
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m <sup>2</sup> )
Xesteiras	CUNTIS	Pontevedra	141
Alto do Poio	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	127
A Capela	A CAPELA	A Coruña	124
Serra da Faladoira	ORTIGUEIRA	A Coruña	117
Ancares	CERVANTES	Lugo	110
Cabeza de Manzaneda	MANZANEDA	Ourense	102
O Cebreiro	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	101
Muralla	LOUSAME	A Coruña	100
Fontaneira	BALEIRA	Lugo	99
Aldea Nova	NARÓN	A Coruña	96


**Táboa 7:** Precipitacións mensuais máis altas rexistradas no mes de xuño de 2020.

Precipitacións máximas en 24 horas (L/m <sup>2</sup> )				
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m <sup>2</sup> )	Instante de inicio (UTC)
Alto do Poio	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	50.3	11/06/2020 21:40
Xesteiras	CUNTIS	Pontevedra	49.2	26/06/2020 18:10
Serra do Eixe	VEIGA (A)	Ourense	44.2	11/06/2020 22:20
Fontaneira	BALEIRA	Lugo	42.2	11/06/2020 19:30
Ancares	CERVANTES	Lugo	41.6	11/06/2020 21:30
Cabeza de Manzaneda	MANZANEDA	Ourense	40.6	11/06/2020 21:00
Alto do Rodicio	MACEDA	Ourense	39	11/06/2020 19:20
As Petarelas	RUBIÁ	Ourense	38.4	23/06/2020 19:00
Courel	FOLGOSO DO COUREL	Lugo	37.7	11/06/2020 19:20
Serra da Faladoira	ORTIGUEIRA	A Coruña	37.2	12/06/2020 06:50

**Táboa 8:** Precipitacións máis altas en 24 horas rexistradas no mes de xuño de 2020.


## 6.4. Evolución da precipitación en xuño de 2020

Na figura 11 pode verse a evolución da precipitación media das 16 estacións que compoñen a serie rexional. O valor medio en 2020, para esta serie, foi 42 L/m<sup>2</sup>.



**Figura 11:** Precipitación ó longo do período 1961-2020 para xuño.

A anomalía media das precipitacións para este mes de xuño en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en dezaseis estacións meteorolóxicas representativas, foi dun 17 % por debaixo do normal. Isto fai que o mes poida considerarse como normal. O mes de xuño do ano 2017 tamén se rexistraron chuvias similares a este valor.



**Figura 12:** Evolución da anomalía de precipitación en xuño, respecto ó período 1981-2010.



## 7 VENTO

Na seguinte táboa móstranse as estacións que rexistraron un valor de refacho máximo de vento igual ou superior a 80 km/h. Destacan as xornadas do 11 e do 12 como as máis ventosas do mes, deixando avisos amarelos no litoral. Non obstante, non se superaron os 100 km/h en ningunha das estacións este mes, no que dominaron en xeral as calmas, tal e como se corresponde coa época do ano.

Refachos máximos superiores aos 80 km/h en xuño de 2020				
Data	Estación	Concello	Provincia	Refacho (km/h)
11/06/2020	Burela	BURELA	Lugo	96.48
11/06/2020	Penedo do Galo	VIVEIRO	Lugo	95.76
11/06/2020	Punta Candieira	CEDEIRA	A Coruña	93.38
12/06/2020	Xares	VEIGA (A)	Ourense	92.3
11/06/2020	Cabeza de Manzaneda	MANZANEDA	Ourense	87.66
12/06/2020	Lardeira	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	85.54
11/06/2020	Fontaneira	BALEIRA	Lugo	82.15

**Táboa 9:** Refachos máximos superiores aos 80 km/h no mes de xuño de 2020.

PROVINCIA DE A CORUÑA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Lira	Carnota	72.7	NE	9	<p>INTENSIDADES PONDEADAS COA DIRECCIÓN Lira (10150) # 01/06/2020 a 01/07/2020</p>	<p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO (m/s) Lira (10150) # 01/06/2020 a 01/07/2020</p>
		Día 1				
Pta. Candieira	Cedeira	93.2	SO	11	<p>INTENSIDADES PONDEADAS COA DIRECCIÓN Punta Candieira (10892) # 01/06/2020 a 01/07/2020</p>	<p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO (m/s) Punta Candieira (10892) # 01/06/2020 a 01/07/2020</p>
		Día 11				



PROVINCIA DE A CORUÑA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Malpica	Malpica	75.2	NO	8		
		Día 11				
Marco da Curra	Monfero	72.7	NO	9		
		Día 11				

**Táboa 10:** Resumo do vento no mes de xuño de 2020 na provincia de A Coruña.

PROVINCIA DE LUGO						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Penedo do Galo	Viveiro	95.8	SO	4		
		Día 11				
Campus Lugo	Lugo	38.9	N	50		
		Día 11				





PROVINCIA DE LUGO						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Ancares	Cervantes	77.0	NE	13		
		Día 11				

**Táboa 11:** Resumo vento no mes de xuño de 2020 na provincia de Lugo

PROVINCIA DE OURENSE						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Cabeza de Manzaneda	Manzaneda	87.8	O	3		
		Día 11				
Rodicio	Maceda	45.0	NE	17		
		Día 7				
Gandarela	Celanova	49.7	NO	43		
		Día 12				

**Táboa 13:** Resumo do vento no mes de xuño de 2020 na provincia de Ourense.




PROVINCIA DE PONTEVEDRA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Fornelos	Fornelos de Montes	64.4	N	14		
		Día 30				
Ons	Bueu	67.0	NO	7		
		Día 12				

**Táboa 14:** Resumo do vento no mes de xuño de 2020 na provincia de Pontevedra.




## 8 RADIACIÓN SOLAR

### 8.1. Mapa de irradiación solar mensual



**Figura 13:** Irradiación mensual ( $10 \text{ kJ m}^{-2} \text{ día}^{-1}$ ) para o mes de xuño de 2020.


## 8.2. Anomalía de insolación con respecto ó valor normal



**Figura 14:** Anomalía de insolación en % respecto ó valor normal calculado no período 1985-2008.

## 9 RAIOS

A rede de detección de raios de MeteoGalicia rexistrou 2533 raios neste mes de xuño. Estes raios foron detectados principalmente no inicio do mes, o día 2 chegaron a rexistrarse máis de 1200 raios na Comunidade. As treboadas da última semana do mes tamén foron significativas, superándose o día 24 os 600 raios rexistrados (Figura 15).



**Figura 15:** Número de raios por día detectados en Galicia en xuño de 2020.

A continuación preséntase o número de raios detectados por provincias, como se pode ver, Lugo foi a provincia con maior número de raios detectados, mentres que Pontevedra foi a que menos rexistrou (Figura 16).



**Figura 16:** Número de raios detectados por provincia en Galicia en xuño de 2020.



Na figura 17, pódese ver o número total de raios rexistrados en xuño en Galicia dende o ano 2010 ao 2020. Nesta gráfica pódese observar que este ano rexistrouse unha cantidade de raios moi superior á do ano pasado e próxima á do 2016.



**Figura 17:** Número total de raios rexistrados en xuño dende 2010 a 2020.





Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2020 Mes: 6

Provincia Estación	Tª°C			Tª Máxima °C			Tª Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC l/m2	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión Med. hPa	Nº Días		
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	Med	Max		Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva		Xeada		
<b>Lugo</b>																										
A Pontenova	15.2	20.28	29.8	23	11.7	8.3	5	38	12.9	11	**	84	99	61	38	175	1751	14	79	11	**	**	**	**	13	0
Abradelo	14.5	20.25	32.6	23	9.7	4.8	8	73	23.6	12	**	79	96	55	47	216	2050	**	**	**	**	**	**	**	13	0
**Alto do Faro	13.2	18.18	30.0	23	9.0	5.0	18	33	16.2	12	**	86	98	64	**	**	**	6	45	11	921	**	**	**	8	0
**Alto do Poio	11.4	15.66	27.6	23	7.3	1.4	8	127	40.4	12	**	82	97	62	**	**	**	7	66	24	**	**	**	**	16	0
Ancares	11.4	15.81	27.9	23	7.4	1.4	8	110	37.1	12	4	83	96	63	43	194	1962	12	76	11	865	**	**	**	16	0
**Borreiros	16.4	21.06	25.3	22	11.8	7.8	10	62	19.8	11	-41	84	99	64	37	168	1780	4	42	11	1009	**	**	**	10	0
Bóveda	16.9	24.42	36.1	23	10.0	4.8	9	26	9.0	12	-109	74	95	46	47	213	2137	5	42	11	967	**	**	**	5	0
Burela	14.4	17.83	24.4	23	11.9	7.6	11	51	19.8	11	-49	85	96	70	40	183	1893	13	96	11	968	**	**	**	10	0
Campus Lugo	16.4	23.32	36.3	23	10.6	5.6	5	20	6.0	12	-101	78	100	49	39	180	1974	5	38	11	970	**	**	**	9	0
Castro R. de Lea	15.7	22.21	35.6	23	10.2	4.7	10	27	8.7	11	**	81	98	54	42	193	2035	**	**	**	968	**	**	**	6	0
Conchada	15.9	22.89	35.2	23	10.4	4.6	8	48	27.9	12	**	80	98	55	47	215	2221	**	**	**	**	**	**	**	10	0
Corno do Boi	13.6	18.82	32.5	23	9.8	5.6	8	68	19.6	11	-30	85	97	62	40	182	1798	12	67	11	**	**	**	**	14	0
Cospeito	15.2	21.36	35.0	23	9.8	4.6	19	27	8.4	11	-86	85	100	58	42	191	1999	7	50	11	**	**	**	**	8	0
Courel	14.8	21.29	33.3	23	9.5	4.2	8	72	29.9	12	-57	78	98	52	48	219	2134	7	61	11	928	**	**	**	13	0
Fontaneira	12.6	17.27	30.1	23	8.9	4.0	7	98	29.9	12	10	85	97	66	41	186	1782	15	82	11	905	**	**	**	17	0
Foz	16.2	20.28	25.4	26	12.2	8.2	19	29	5.6	12	-81	80	94	62	39	177	1873	9	50	11	1009	**	**	**	11	0
Fragavella	13.4	17.86	29.0	23	9.3	4.6	19	38	9.4	11	-66	86	98	65	46	212	2004	11	74	11	948	**	**	**	15	0
Guitiriz-Mirador	13.8	18.98	32.3	23	10.1	6.4	7	65	24.6	11	-35	85	98	62	36	167	1778	7	57	11	938	**	**	**	12	0
**Labrada	13.6	17.77	30.0	23	10.1	6.9	19	80	30.0	11	-22	84	97	65	41	187	1907	9	54	11	**	**	**	**	17	0
**Lanzós	14.3	19.68	30.0	23	9.2	3.4	18	33	12.0	11	**	85	97	64	**	**	**	2	22	11	962	**	**	**	12	0
**Lourenzá	17.0	22.26	27.8	23	12.3	7.8	19	36	11.2	2	**	79	95	59	**	**	**	3	32	11	**	**	**	**	15	0
Marroxo	15.6	21.78	34.3	23	11.1	5.7	8	30	16.6	12	-94	77	95	52	44	199	2013	8	51	11	943	**	**	**	8	0
**Míllara	17.4	23.98	36.3	23	12.1	7.9	8	58	20.9	1	**	75	96	50	**	**	**	6	51	11	**	**	**	**	8	0
Monforte	17.8	24.66	37.2	23	11.5	4.2	8	36	17.1	12	-99	76	99	47	47	216	2148	4	45	11	**	**	**	**	7	0
**Morelle	16.6	23.72	36.5	23	10.1	2.3	8	25	6.2	11	-90	81	100	51	35	161	1814	3	29	11	968	**	**	**	9	0
O Cebreiro	12.1	18.44	30.5	23	6.8	0.4	8	101	34.3	24	-8	85	99	64	45	207	2046	13	72	12	871	**	**	**	19	0
O Xipro	14.1	20.16	32.8	23	9.4	4.1	7	59	16.6	12	-52	84	100	57	43	195	1974	9	58	12	927	**	**	**	15	0
**Olveda	14.6	20.25	34.0	23	9.6	5.5	5	53	14.2	2	-61	81	98	57	44	202	2003	5	35	12	**	**	**	**	13	0
Pedro Murias	16.9	20.06	25.1	26	13.9	11.1	11	60	13.9	28	-39	86	98	72	36	165	1720	8	59	12	1011	**	**	**	15	0
Penedo do Galo	13.3	17.01	26.0	23	10.8	6.6	11	55	17.0	11	-29	90	99	72	39	178	1769	20	95	11	**	**	**	**	13	0
Pol	14.2	20.14	33.3	23	9.9	5.5	5	46	12.5	12	**	84	100	56	40	185	1875	**	**	**	942	**	**	**	11	0
Portomarín	16.3	23.38	35.9	23	10.4	4.3	9	19	6.6	12	**	79	98	51	40	182	1972	**	**	**	966	**	**	**	6	0
Riotorto	16.1	21.46	31.4	23	11.8	8.0	8	40	15.5	11	-64	92	100	67	35	159	1849	6	47	11	**	**	**	**	12	0
Sambreixo	14.6	20.7	33.7	23	9.0	2.2	10	66	15.6	11	**	84	99	60	41	187	1970	**	**	**	**	**	**	**	12	0
**San Clodio	18.6	25.71	38.1	23	11.6	5.3	9	30	22.0	12	**	71	98	44	**	**	**	3	32	11	986	**	**	**	5	0
**San Fiz	16.8	22.78	34.6	23	11.6	7.4	8	20	12.0	12	-111	76	94	52	42	192	2107	4	29	7	971	**	**	**	5	0
Santa Cruz	16.8	22.03	27.5	23	11.3	6.0	19	36	11.4	11	-79	83	100	59	40	185	1970	5	45	11	**	**	**	**	8	0
Serra Vacaloura	14.0	19.59	32.4	23	9.8	5.8	8	40	13.1	11	-67	87	100	62	47	213	2092	15	58	11	**	**	**	**	10	0

\* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

\*\* Non se mide este parámetro nesta estación.





Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2020 Mes: 6

Provincia Estación	T <sup>o</sup> C			T <sup>a</sup> Máxima °C			T <sup>a</sup> Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada		
Ventosa	13.5	19.01	31.1	23	8.8	3.1	8	63	17.1	12	-46	81	96	59	39	180	1904	10	66	11	913	16	0		
**Vilamor	16.7	21.41	26.6	23	12.5	7.3	19	37	13.5	2	-78	75	88	56	36	166	1820	5	41	11	**	11	0		
**Xabrega	17.4	24.8	36.5	23	11.3	5.3	8	8	6.3	12	-123	74	95	47	40	183	2055	3	41	11	979	2	0		

\* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

\*\* Non se mide este parámetro nesta estación.





Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2020 Mes: 6

Provincia Estación	T <sup>a</sup> °C				T <sup>a</sup> Máxima °C			T <sup>a</sup> Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días		
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada	
<b>Pontevedra</b>																											
**A Armenteira	15.8	20.3	30.2	22	11.3	7.0	19	50	11.2	11	-63	83	97	64	45	207	2002	5	37	11	**			9	0		
A Granxa	18.0	24.27	34.7	23	12.0	6.2	9	43	11.3	12	-85	77	98	54	46	207	2070	4	40	11	1012			9	0		
A Lanzada	17.5	21.76	31.1	22	13.6	9.1	8	32	9.4	13	-99	81	95	64	58	262	2275	13	51	30	**			9	0		
**Areas	18.0	23.04	32.2	22	13.6	9.4	19	48	10.0	13	-80	92	100	73	52	234	2221	3	35	10	**			9	0		
**As Eiras	17.9	22.52	30.4	22	13.3	8.9	19	44	11.4	12	-88	79	96	58	51	231	2209	4	31	7	1012			9	0		
Atios	17.9	23.38	33.0	23	12.2	6.5	9	35	9.4	11	-92	84	100	59	51	229	2161	4	33	11	**			9	0		
Baiona	17.5	20.17	24.1	22	14.5	9.6	9	21	5.2	1	-108	85	98	68	59	265	2370	9	56	11	**			7	0		
**Barrantes	17.3	21.71	30.4	30	12.3	6.8	8	27	5.7	1	-86	80	96	62	48	213	1977	5	35	7	**			10	0		
Cabo Udra	17.2	20.72	25.3	30	14.3	11.7	8	21	6.3	12	-102	85	97	70	53	242	2286	14	57	11	**			7	0		
Caldas de Reis	16.5	21.87	32.3	23	12.4	8.7	10	59	12.0	1	-59	81	96	60	42	193	1971	6	38	11	985			11	0		
**Camanzo	16.9	22.19	33.2	23	12.2	6.4	9	52	25.9	12	-65	80	95	59	43	194	1941	4	38	13	993			10	0		
Cangas-Porto	17.4	20.04	27.3	22	14.9	11.9	8	21	7.2	11	**	77	89	63	**	**	**	9	52	30	**			7	0		
Castro Vicaludo	14.7	17.57	27.4	22	11.9	8.1	8	42	11.3	12	-67	89	99	76	51	229	2180	11	55	12	962			11	0		
**Cequelifios	18.0	23.83	34.1	23	13.1	8.4	9	31	11.8	12	-104	74	96	50	48	219	2116	6	37	24	**			9	0		
Corón	17.7	20.51	29.5	22	15.0	12.1	9	32	7.8	16	-96	77	91	62	56	253	2286	16	54	11	1016			8	0		
**Entenza	18.1	23.92	33.8	23	12.9	7.4	8	41	9.2	12	-46	78	98	54	44	198	2018	1	30	11	**			11	0		
Forcarei	14.0	18.6	29.9	23	10.3	5.3	8	81	18.7	1	--	91	100	72	45	207	2034	12	56	11	**			13	0		
Fornelos de Montes	14.5	18.35	29.1	23	11.1	5.9	8	64	22.0	12	-48	84	96	67	47	215	2042	12	64	30	936			12	0		
Gargamala	17.3	22.88	34.0	23	12.6	8.2	8	40	10.2	11	-83	83	99	60	45	207	2049	4	36	12	**			10	0		
Illas Cíes	17.0	20.09	24.9	22	14.4	11.8	8	26	7.3	13	-93	89	98	73	54	246	2254	10	61	11	**			8	0		
Lalín	15.1	20.22	32.0	23	10.5	5.6	5	47	27.8	12	**	83	100	59	**	**	**	8	44	11	**			9	0		
**Louredo	16.5	21.65	31.0	23	12.4	8.5	9	24	13.6	1	**	87	99	67	**	**	**	2	34	14	988			5	0		
Lourizán	17.7	22.66	30.3	30	13.5	8.9	8	33	8.3	1	-90	83	99	62	46	211	2063	3	34	11	1011			8	0		
**Meder	18.3	24.9	35.2	23	13.2	8.2	8	35	8.4	12	**	73	91	50	**	**	**	1	26	5	1000			9	0		
Monte Aloia	15.4	20.79	33.3	23	11.7	8.3	10	66	17.3	11	-38	88	99	68	33	151	1832	7	42	12	961			11	0		
Mouriscade	15.0	21.24	33.4	23	8.9	0.9	9	26	10.6	12	-92	83	99	58	45	204	2051	4	36	11	959			7	0		
O Viso	17.1	23.71	32.6	30	12.4	8.6	8	50	10.5	13	-68	77	94	56	38	174	1854	7	40	11	986			10	0		
Ons	16.4	19.63	25.0	23	13.8	10.6	8	27	9.2	1	-90	84	94	70	60	256	2294	16	66	12	1003			8	0		
**Pé Redondo	17.8	22.33	31.4	22	13.6	9.6	8	42	10.2	27	-50	81	96	63	41	185	1768	1	34	26	**			12	0		
**Ponte Caldelas	16.0	20.13	30.5	23	11.8	7.2	19	49	14.1	12	-65	79	93	62	45	207	1936	6	39	30	976			9	0		
Pontevedra-Campolongo	18.8	23.93	31.2	30	14.5	9.8	8	43	10.3	1	**	76	95	54	**	**	**	3	31	18	**			10	0		
Porto de Vigo	18.1	20.85	27.3	30	15.7	12.8	8	25	6.4	12	-111	79	91	65	56	255	2286	10	46	11	1015			9	0		
Rebordelo	15.7	21.12	31.9	23	10.2	4.8	8	75	16.4	13	**	86	100	64	45	205	1972	**	**	**	976			11	0		
San Nomedio	15.2	19.55	30.4	23	11.9	8.1	8	60	13.8	12	-46	87	98	69	45	203	1968	13	68	30	**			12	0		
Sanxenxo	17.9	21.95	30.3	22	14.4	11.1	10	34	12.0	13	-94	76	90	59	47	215	2082	5	38	11	1014			7	0		
Serra do Faro	12.8	17.75	29.9	23	8.8	4.3	8	43	18.3	12	-61	85	98	64	44	200	2011	15	68	11	905			12	0		
**Simes	17.7	22.99	32.3	22	12.6	8.3	10	27	7.4	13	**	80	95	60	47	212	2028	**	**	**	**			7	0		
**Soutomaior	17.4	22.09	31.3	22	13.2	9.0	8	42	10.8	13	**	72	87	54	**	**	**	3	28	11	997			10	0		

\* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

\*\* Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2020 Mes: 6

Provincia Estación	T <sup>o</sup> C			T <sup>a</sup> Máxima °C			T <sup>a</sup> Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC l/m2	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión Med. hPa	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	Med	Max		Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med.	Choiva		Xeada	
**Torrequintáns	18.0	22.56	32.0	22	13.6	9.2	9	29	6.0	1	-97	82	97	63	46	211	2116	5	33	11	1009	10	0		
**Tremoeado	17.5	21.74	30.8	22	13.3	8.9	8	32	6.9	27	**	77	93	58	**	**	**	4	33	7	1009	11	0		
Vigo	17.6	21.29	27.7	22	14.3	11.0	8	28	7.0	1	**	77	92	60	**	**	**	**	**	**	**	9	0		
Vigo-Campus	15.3	18.45	28.4	23	12.3	8.4	8	51	16.2	11	-71	85	98	68	51	233	2170	5	42	12	964	11	0		
Xesteiras	13.3	17.08	28.0	23	10.3	6.6	8	140	40.4	27	**	89	99	71	**	**	**	18	72	30	**	13	0		

\* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

\*\* Non se mide este parámetro nesta estación.